



*Resolución Reitoral do 07 de xuño de 2017 pola que se fai pública a convocatoria dunha bolsa para a formación complementaria do estudiantado da Universidade de Vigo no Campus de Pontevedra para o apoio na difusión de actividades culturais e deportivas do Campus de Pontevedra para o curso 2017-2018*

A Universidade de Vigo, de acordo co disposto no artigo 105 dos referidos Estatutos, poderá ofrecer aos seus estudantes bolsas de colaboración nos servizos de asistencia á comunidade universitaria como programas complementarios de axudas para cubrir necesidades non atendidas ou insuficientemente atendidas polas administracións públicas.

Por isto, estímase conveniente a tramitación dun expediente para a convocatoria dunha bolsa, cuxa xestión realizárase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, coa finalidade de fomentar unha mellor formación do alumnado a través do servizo que poida prestar á Comunidade Universitaria, colaborando en labores que se axusten a determinadas áreas de traballo definidas na presente convocatoria, en réxime de compatibilidade cos seus estudos e iniciándose así en tarefas vinculadas a estes.

Ante a necesidade de seguir realizando actividades de formación do estudiantado nos centros da Universidade de Vigo e nas Áreas da Vicerreitoría do Campus de Pontevedra e en virtude das facultades que lle outorgan a Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril, de Universidades e o artigo 58 do Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade, esta Reitoría **RESOLVE:**

1. Anunciar a convocatoria de 1 bolsa para a formación complementaria do estudiantado da Universidade de Vigo no Campus de Pontevedra para o apoio na difusión de actividades culturais e deportivas, en réxime de concorrencia competitiva.
2. Ordenar a publicación da devandita convocatoria no rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo e na páxina <http://campuspontevedra.uvigo.es/>, xunto coa súa normativa correspondente.

A solicitude axustarase ao modelo oficial que figura no Anexo I desta convocatoria e presentárase dende o día seguinte á publicación desta convocatoria **ata o día 26 de xuño**, no rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ao recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Pontevedra, 07 de xuño de 2017

O reitor

(Por delegación R.R. 07/05/2017)

O vicerreitor do Campus de Pontevedra

Juan Manuel Corbacho Valencia



Diligencia para facer constar que esta resolución se publica nos taboleiros de anuncios do Rexistro do Campus de Pontevedra, con data de 07 de xuño de 2017

A funcionaria





## BASES DA CONVOCATORIA

### I.- OBXECTO

O obxecto desta bolsa é a formación complementaria do estudiantado da Universidade de Vigo ámbito da difusión de actividades culturais e deportivas do Campus de Pontevedra.

### II.- PERSOAS DESTINATARIAS

Esta bolsa está destinada ao estudiantado do Campus de Pontevedra que estea cursando estudos de grao, licenciatura ou máster oficial no curso 2016-2017 e manteña a condición de alumno/a durante todo o período de duración da bolsa.

En todo caso, os/as solicitantes deberán ter superado o 50% dos créditos dos estudos de grao ou licenciatura dos que estean matriculados, ou o 100% dos que lle deron acceso ao máster oficial do que estea matriculado.

Os/as solicitantes deberán acreditar un nivel de coñecementos tal que lles permitan o seu aproveitamento. Estes requisitos serán avaliados de forma obxectiva a partir dos criterios establecidos nesta convocatoria.

Non poderán ter a condición de beneficiarios as persoas nas que concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

### III.- CARACTERÍSTICAS DAS BOLSAS

A Vicerreitoría do Campus de Pontevedra está interesada en que o seu estudiantado poida adquirir competencias para mellorar o seu acceso ao emprego.

Tendo presente esta achega formativa, a bolsa ten como finalidade, mediante a participación e baixo a supervisión do/da titor/a que se asigne, ampliar a formación do alumnado no desenvolvemento de actividades relacionadas coa mellora en habilidades de comunicación e utilización das redes sociais na difusión da cultura e do deporte do Campus de Pontevedra aplicando os coñecementos adquiridos nas titulacións.

Contido do plan formativo:

1. Colaboración na dinamización e elaboración de contidos nas redes sociais (facebook, twitter...) da Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, así como do proxecto de especialización CREA S2i -social and sustainable innovation- e na súa difusión.
2. Apoio na creación e elaboración de material divulgativo gráfico e audiovisual das actividades culturais e deportivas do Campus.
3. Apoio nas actividades de comunicación e organización de eventos específicos e relacionados co proxecto de especialización CREA S2i - social and sustainable innovation-

*A persoa bolseira desenvolverá as seguintes funcións:* Elaboración da memoria anual de actividades, elaboración de arquivo de prensa, elaboración e actualización de contidos nas redes sociais e difusión das actividades culturais e deportivas do Campus de Pontevedra.

*Obxectivos formativos:* Mellorar as habilidades e técnicas comunicativas, a capacidade de relación, a responsabilidade e a capacidade de organizar as súas propias tarefas.

*Formación técnica:* Sesións formativas ao inicio da prestación e seguimento ao longo do período da bolsa.

### IV.- INCOMPATIBILIDADES

O goce da bolsa de formación complementaria é incompatible con calquera relación laboral ou administrativa pola que se perciban retribucións a cargo dalgunha entidade pública ou privada. Así mesmo, é incompatible coa prestación ou subsidio por desemprego.

O/A bolseiro/a que estea a gozar dunha bolsa para a formación complementaria ou colaboración, só poderá participar nunha nova convocatoria de bolsas do mesmo obxecto no caso de convocatorias que substitúen a outras que finalizan.

O goce desta bolsa será incompatible con calquera outra bolsa de formación complementaria ou de colaboración convocada pola Universidade de Vigo.



O alumnado non poderá gozar dunha bolsa co mesmo obxecto, «formación complementaria ou colaboración do estudantado da Universidade de Vigo», por un período igual ou superior a vinte meses, contado de forma consecutiva ou descontinua. Este límite terase en conta no momento da avaliación dos méritos. O cómputo do tempo de bolseiro/a farase por meses completos; se a bolsa se inicia antes do día 15 ou finaliza despois, incluído este, computarase como un mes enteiro para o cálculo do límite dos vinte meses.

No caso de que a persoa bolseira goce dalgunha bolsa distinta ás axudas ao estudo convocadas polo MECD, deberá solicitarlle ao Vicerreitor do Campus de Pontevedra a súa compatibilidade. No caso contrario poderá ser causa de anulación da condición de persoa bolseira á que se refire esta normativa.

## V. DURACIÓN E ORGANIZACIÓN

A duración máxima da bolsa será de 11 meses, **rematando o 31 de xullo de 2018**.

A persoa bolseira estará baixo a responsabilidade do vicerreitor do Campus de Pontevedra, quen poderá delegar nun coordinador/a o seguimento da formación impartida así como o desempeño da actividade de colaboración.

O tempo de dedicación estará comprendido entre un mínimo de 10 e un máximo de 20 horas semanais, tendo en conta os períodos lectivos e non lectivos do curso académico.

A dedicación de cada bolseiro ou bolseira debe adecuarse á súa carga lectiva. Poderá solicitarlle ao vicerreitor do Campus de Pontevedra un horario axeitado, o cal poderá, excepcionalmente, distribuír e compensar ata un máximo do 20% das horas de dedicación dun mes entre as distintas semanas dentro do mesmo mes.

## VI.- DOTACIÓN E PAGAMENTO

A dotación económica bruta da bolsa será dun máximo de 5.500€ (500,00€ brutos/mes) e estará suxeita a retención do I.R.P.F. e ás obrigas de cotización á Seguridade Social (cota obreira) que estableza a normativa vixente nestas materias.

Os fondos destinados a esta acción irán a cargo das seguintes aplicacións orzamentarias:

**2017 PON1 211ECUL 482.11:** o importe do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 2.152,24.- euros (2.000.- euros por dotación bruta da bolsa e 152,24.- euros en concepto de cota patronal).

**2018 PON1 211ECUL 482.11:** o importe do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 3.766,42.- euros (3.500.- euros por dotación bruta da bolsa e 266,42.- euros en concepto de cota patronal).

O pagamento farase por períodos mensuais vencidos nos primeiros sete días. Retribuirá as horas realizadas nese período, segundo o establecido nesta convocatoria, sempre que a persoa beneficiaria da bolsa estea ao corrente coa Universidade nos seus pagos de matrícula.

Se a actividade que desenvolva a persoa bolseira en cada mes non se axusta ás condicións que se fixan nesta convocatoria e para poder adecuar o pago á actividade real que se realiza, a persoa coordinadora emitirá un informe no que fará constar a actividade realizada nese período e que achegará á Área de Bolsas antes do día 25 do mes en curso. Este informe poderá ser tido en conta en futuras convocatorias.

## VII.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As persoas solicitantes deberán cubrir o modelo oficial de solicitude que se atopa no Anexo I desta convocatoria.

A solicitude presentarase no rexistro xeral e auxiliares de campus da Universidade de Vigo ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes remata o día 26 de xuño de 2017.

As persoas solicitantes deben presentar os seguintes documentos:

1. Impreso de solicitude debidamente cuberto.
2. O currículo, no que indicará a formación e as actividades realizadas de interese para o desenvolvemento da bolsa, xunto cos documentos acreditativos dos méritos alegados, incluído o extracto do expediente académico. (A Comisión de Valoración poderá requirir os documentos orixinais, se o consideran oportuno).



3. Certificación académica oficial dos estudos realizados fóra da Universidade de Vigo e dos cursos de formación.
4. Solicitude de compatibilidade de bolsa, no caso do alumnado que teña concedida unha bolsa distinta ás axudas ao estudo convocadas polo MECED, para o curso 2017-2018.
5. Certificación de estar matriculado na Universidade de Vigo durante o curso 2016-2017.
6. Declaración de compromiso de matrícula no curso 2017-2018.
7. Fotocopia do NIF, NIE ou pasaporte en vigor.
8. A ficha persoal de pagamentos debidamente selada polo banco (Anexo III).
9. Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

As persoas solicitantes tamén se lles poderá requirir, se fose necesario, que acheguen aqueles outros documentos que fosen precisos para aclarar os datos necesarios para o outorgamento da axuda.

Os datos persoais recollidos na solicitude teñen carácter obrigatorio e serán tratados pola Universidade de Vigo para a organización da docencia e o estudo, así como para o exercicio das demais funcións propias do Servizo Público de Educación Superior, reguladas na Lei orgánica de universidades e nos Estatutos da Universidade.

O/a solicitante está de acordo en que os seus datos persoais sexan recollidos, tratados e, de ser o caso, cedidos para os seguintes fins: a xestión administrativa e académica do seu expediente; a oferta e prestación de servizos universitarios; a realización de estatísticas, proxectos de investigación, avaliacións, enquisas e seguimento dos servizos universitarios prestados; e a realización de accións destinadas ao fomento do emprego e prácticas en empresas.

O responsable do tratamento destes datos é a Universidade de Vigo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao seu tratamento exercitaranse ante a Universidade de Vigo no seguinte enderezo: Edificio de Xerencia- Servizos Centrais, campus universitario, s/n 36310 Vigo (Pontevedra), de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

## VIII. SELECCIÓN

Unha vez recibidas as solicitudes, publicarase unha listaxe provisional coas persoas admitidas e excluídas, indicando os motivos de exclusión e dándolles un prazo de **cinco días hábiles**, contados a partir do día seguinte á súa publicación, para emendar os erros e achegar a documentación requirida, advertindo que, no caso de non facelo, se lles dará por desistidos neste proceso.

Emendados os erros, elaborárase e publicarase a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, indicando o motivo da exclusión, de ser o caso. Ao mesmo tempo, achegarase á Comisión de Valoración as solicitudes e a documentación a través do correo electrónico.

A Comisión de Valoración será o órgano encargado de valorar as solicitudes, designada polo vicerreitor do Campus de Pontevedra, e estará formada por:

- Juan Manuel Corbacho Valencia, vicerreitor do Campus de Pontevedra ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente.
- Manuel Morquecho Barral, director de Área de Extensión Cultural do Campus de Pontevedra, ou persoa en quen delegue, que actuará como secretario.
- Alberto Dafonte Gómez, representante do profesorado do Campus de Pontevedra.

A comisión, para a valoración das solicitudes, terá en conta os seguintes criterios e baremacións:

- a. Media do expediente académico: ata 2 puntos
- b. Competencias específicas: cualificacións obtidas nas materias relacionadas coa xestión da comunicación en redes sociais, no deseño gráfico e produción e realización audiovisual: ata 4 puntos
- c. Outros méritos relacionados coa convocatoria: ata 4 puntos.

A valoración dos cursos farase de acordo co seguinte criterio:

- Por cada 60 horas lectivas: *1 punto*



Rematado o proceso de selección, publicarase a resolución provisional de candidatos/as, de acordo coa puntuación obtida. Fixarase un prazo de **cinco días hábiles**, contados a partir do día seguinte á súa publicación, para que os/as candidatos/as presenten as alegacións que consideren oportunas ao presidente da comisión.

Unha vez resoltas as alegacións pola comisión, esta elevará unha proposta de resolución coas listaxes definitivas de concedidas ou denegadas coas causas de denegación e a listaxe de agarda, por orde de maior a menor puntuación, para cubrir as renuncias que poidan producirse.

Todas as resolucións ás que se refire este punto publicarase nos taboleiros do rexistro xeral e nos rexistros auxiliares da Universidade de Vigo, na páxina web da Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, <http://campuspontevedra.uvigo.es> e na páxina web da Universidade de Vigo.

#### IX.- ACEPTACIÓN E RENUNCIA

A persoa bolsreira proposta presentarase ao vicerreitor do campus de Pontevedra no día e lugar indicados na resolución definitiva. De non presentarse transcorrido este prazo, entenderase que renuncia aos beneficios da bolsa e o seu posto será ocupado por outro/a solicitante atendendo á listaxe de agarda.

A renuncia voluntaria á bolsa deberá facerse por escrito e será comunicada ao vicerreitor do Campus de Pontevedra, cunha antelación de 20 días. A renuncia sen causa xustificada penalizará e impedirlle o acceso a outra bolsa do mesmo obxecto durante un período de 12 meses. Correspóndelle ao vicerreitor a avaliación das causas alegadas.

Os postos vacantes serán ofertados aos candidatos/as que figuren na lista de agarda.

#### X.- OBRIGAS.

A persoa que se beneficie desta bolsa ten as seguintes obrigas:

- A colaborar na realización das actividades propostas.
- Estar matriculado na Universidade de Vigo durante todo o período de duración da bolsa
- Solicitar a compatibilidade no caso de gozar dunha bolsa distinta ás axudas ao estudos convocadas polo MECED.
- Comunicar calquera variación na súa situación persoal e/ou laboral.
- As persoas beneficiarias deberán cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013, de 17 de novembro xeral de subvencións, que lles sexa de aplicación.

#### XI.- REVOGACIÓN DAS AXUDAS

A concesión desta bolsa e a permanencia na lista de agarda poden ser revogadas polo seguintes motivos e suporá o reintegro, por parte das partes beneficiarias, das cantidades incorrectamente percibidas:

- Incumprimento das obrigas especificadas nesta convocatoria no punto X.
- Ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitadas.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas no punto IV desta convocatoria.
- Non manter a condición de estar matriculado na Universidade de Vigo durante todo o período de duración da bolsa.
- Trala emisión dun informe desfavorable da persoa coordinadora, por incumprimento do desenvolvemento propio do obxecto da bolsa, previa tramitación dun expediente contradictorio.

#### XII.- DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Todas as dúbidas que poidan xurdir na interpretación destas normas serán resoltas polo vicerreitor do Campus de Pontevedra.

Calquera reclamación ou queixa que queira presentar un bolsreiro ou bolsreira farase chegar ao vicerreitor do Campus de Pontevedra a través da persoa coordinadora.



Vicerreitoría do  
Campus de Pontevedra

Universidade de Vigo

O/a adxudicatario/a desta bolsa estará baixo a dirección do vicerreitor do Campus de Pontevedra.

O goce da bolsa suporá a aceptación do previsto no Real decreto 1493/2011, de 24 de outubro, polo que se regulan “los términos y las condiciones de inclusión en el *Régimen General de la Seguridad Social de las personas que participen en programas de formación...*” publicado no BOE do 27 de outubro, respecto á alta na Seguridade Social.

A persoa bolseira non adquire ningunha relación contractual administrativa ou estatutaria coa Universidade de Vigo, nin a bolsa implica compromiso en canto á posterior incorporación do/da interesado/a aos cadros de persoal da Universidade.

En todo o non previsto nesta convocatoria, aplicaranse as normas estatais e autonómicas vixentes en materia de subvencións (Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais disposicións aplicables).



ANEXO I

Impreso de solicitude

Denominación da convocatoria: **Bolsa para difusión de actividades do Campus de Pontevedra**

CANDIDATO/A.

APELIDOS:		NOME:	
D.N.I.:	ENDEREZO:		
C. POSTAL:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:	
CORREO ELECTRÓNICO:		TELÉFONO MÓBIL:	
TELÉFONO FIXO:	MATRICULADO/A EN:		

*Nota: Co fin de facilitar a comunicación de maneira persoal, é indispensable poñer o teléfono móbil ou enderezo de correo electrónico en letras maiúsculas.*

II - DOCUMENTACIÓN ENTREGADA<sup>1</sup>

- 1.- Currículo relacionado co obxecto da convocatoria e declaración xurada .....
- 2.- Documentos acreditativos de cursos de formación relacionados coa convocatoria .....
- 3.- Certificación Académica Persoal de estudos .....
- 4.- Resgardo de matrícula .....
- 5.- Declaración de compromiso de matricularse no curso 2017-2018 .....
- 6.- Fotocopia NIF, NIE ou pasaporte en vigor .....
- 7.- Solicitude de compatibilidade con outras bolsas distintas ás do MECED .....
- 8.- Ficha persoal de pagamentos (segundo modelo) .....
- 9.- Declaración responsable de estar ao corrente nas obrigas tributarias e de Seguridade Social .....

Pontevedra, ..... de .....de 2017

Sinatura

<sup>1</sup> PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais recollidos a través deste formulario, incluíranse no ficheiro "Bolsa difusión actividades Pontevedra" e serán obxecto de tratamento por parte da Universidade de Vigo. A finalidade de dito tratamento é a xestión das inscricións na Convocatoria de Bolsas para a difusión de actividades do Campus de Pontevedra. Vostede pode exercer os seus dereitos de Acceso, Rectificación, Cancelación e Oposición expresados no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos, mediante comunicación escrita enviada ao seguinte enderezo postal: Secretaría Xeral, Edificio Reitoría, Campus Universitario s/n, 36310 Vigo - Pontevedra, xunto coa documentación que se lle requira.

SR. VICERREITOR DO CAMPUS DE PONTEVEDRA



## ANEXO II

### FORMATO DO CURRÍCULO

1.- Certificación Académica de estudos.

2.- Documentos acreditativos de cursos de formación relacionados coa convocatoria.

4.- Documentos acreditativos de experiencias de formación relacionados coa convocatoria.

#### DECLARACIÓN XURADA

D./Dña. ...., con DNI ....., declara baixo xuramento que todos os datos que manifesta neste escrito son verdadeiros e comprométese a achegar os documentos que así o acrediten, e entende que coñece todos os termos da convocatoria onde se expresa que a ocultación ou falsidade de documentos leva consigo a perda de todo dereito para presentarse a esta convocatoria.

Lugar e Data:

Asinado:





ANEXO III

**FICHA PERSOAL DE PAGOS POR TRANSFERENCIA**  
**FICHA PERSONAL DE PAGOS POR TRANSFERENCIA**

**DATOS PERSOAIS / DATOS PERSONALES**

<b>DATOS A CUBRIR POLO INTERESADO</b> <b>DATOS A CUBRIR POR EL INTERESADO</b>	
Nº. DE CIF OU NIF (Achegar copia)	
Nº. DE CIF O NIF (Adjuntar fotocopia): _____	
NOME DO PERCEPTOR:	
NOMBRE DEL PERCEPTOR: _____	
NOME COMERCIAL:	
NOMBRE COMERCIAL: _____	
ENDEREZO FISCAL:	
DOMICILIO FISCAL: _____	
CODIGO POSTAL:	POBOACIÓN:
CÓDIGO POSTAL: _____	POBLACIÓN: _____
TELÉFONO CON PREFIXO:	
TELÉFONO CON PREFIJO: _____	
SELO DA EMPRESA (se procede):	SINATURA:
SELLO DE LA EMPRESA (si procede):	FIRMA

**DATOS BANCARIOS / DATOS BANCARIOS**

<b>DATOS A CUBRIR POLA ENTIDADE BANCARIA</b> <b>DATOS A CUBRIR POR LA ENTIDAD BANCARIA</b>		
<b>CÓDIGO CONTA-CLIENTE / CÓDIGO CUENTA-CLIENTE</b>		
<b>IBAN</b>		
<b>E</b>	<b>S</b>	
(cubrir todos os díxitos do IBAN) (cumplimentar todos los dígitos del IBAN)		
ENDEREZO DO BANCO:	Poboación:	C.P.
DIRECCION DEL BANCO:	Población:	C.P.
	Telef.:	Fax:
<b>SINATURA E SELO DO BANCO:</b>		
<b>FIRMA Y SELLO DEL BANCO:</b>		

Vigo, de de 2017